



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

5º EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREA DE MATEMÁTICAS

CURSO 2020-21

COORDINADOR/A: SILVIA Mª SABÍN MESA

MESTRES/AS TITORES/:

5º A: SUSANA SANTALLA FERNÁNDEZ

5ºB: EVA Mª BOUZA REY/ SILVIA Mª SABÍN MESA

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

No primeiro nivel do terceiro ciclo de educación primaria do C.E.I.P. A GÁNDARA está constituído por un total de oito mestres: unha titora de 5º A e dúas cotitoras do 5º B (unha delas a especialista de Inglés), un mestre especialista en Pedagogía Terapéutica, outra adscrita a EP que fai o apoio na clase, unha mestre especialista en Audición e Linguaxe, un mestre de Música e os dous mestres de Educación Física.

Nestes cursos hai un total de 49 alumnos e alumnas, distribuídos do seguinte xeito:

5ºA: 25 alumn@s

5ºB: 24 alumn@s

Entre estes alumnos hai varios alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

En 5º hai 6 alumn@s con dificultades en lectoescritura e problemas de dislexia, así como de comprensión na resolución de problemas, 1 con TDA (transtorno de déficit de atención) e 1 con TDAH (transtorno de déficit de atención e hiperactividade) e 1 diagnosticado con rasgos autistas que reciben apoio na aula polos mestres de PT e AL

A variedade de intereses, capacidades, fortalezas e intereses do alumnado enriquece todas as aulas sendo esta tremendamente heteroxéneas. En moitos casos é precisa a intervención e asesoramento do D.O. así como a intervención específica do profesorado especialista en AL e PT.

Seguindo as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás MEDIDAS EDUCATIVAS que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, esta

programación foi elaborado polo equipo docente coa finalidade que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020 e acade os obxetivos mínimos imprescindibles para pasar de curso.

Para a súa elaboración tívose en conta os informes individualizados elaborados ao finalizar o curso anterior así como a avaliación inicial desenvolvida neste curso. Os elementos curriculares esenciais serán reforzados co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DO PERFIL COMPETENCIAL.

Comunicación lingüística (CCL)

MTB1.3.2. Iniciase na formulación de preguntas e na busca de respostas apropiadas, tanto no estudo dos conceptos coma na resolución de problemas.

MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.

MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.

MTB2.4.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

MTB2.6.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.

MTB3.5.1. Resolve problemas de medida, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo, argumentando... e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.

MTB4.2.2. Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.

Competencia dixital (CD)

MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.

MTB1.4.1. Toma decisións nos procesos de resolucións de problemas valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.

Aprender a aprender (CAA)

MTB1.2.1. Realiza estimacións sobre os resultados esperados e contrasta a súa validez valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu uso.

MTB1.4.1. Toma decisións nos procesos de resolucións de problemas valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

MTB4.2.2. Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.

MTB5.2.1. Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

MTB1.3.1. Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias idóneas para cada caso.

MTB1.4.1. Toma decisións nos procesos de resolucións de problemas valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.

MTB2.7.1 Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construindo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.

MTB2.7.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.

**3.- CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A
MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**
1º TRIMESTRE

Estándar	Ponderación	Instrumento
MTB1.2.1. Realiza estimacións sobre os resultados esperados e contrasta a súa validez valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu uso.	5,5%	Diario de clase (escala de observación)
MTB1.3.1. Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias idóneas para cada caso.	5,5%	Diario de clase (escala de observación)
MTB1.3.2. Iniciase na formulación de preguntas e na busca de respostas apropiadas, tanto no estudo dos conceptos coma na resolución de problemas.	5,5%	Diario de clase (escala de observación)
MTB1.4.1. Toma decisións nos procesos de resolucións de problemas valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	5,5%	Proba escrita

MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.	5,5%	Proba escrita
MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	5,5%	Proba escrita
MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	5,5%	Proba escrita
MTB2.2.2. Ordena números enteiros, decimais e fraccións básicas por comparación, representación na recta numérica e transformación duns noutros.	5,5%	Proba escrita
MTB2.3.1. Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.	6,5%	Portfolio
MTB2.4.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.	5,5%	Proba escrita
MTB2.4.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.	5,5%	Proba escrita
MTB2.5.1. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.	5,5%	Proba escrita

MTB2.6.2. Descompón de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras.	5,5%	Portfolio
MTB2.6.3. Identifica múltiplos e divisores empregando as táboas de multiplicar.	5,5%	Portfolio
MTB2.6.4. Calcula os primeiros múltiplos dun número dado.	5,5%	Proba escrita
MTB2.6.5. Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100.	5,5%	Proba escrita
MTB2.6.6. Calcula o mcm e o mcd.	5,5%	Proba escrita
MTB2.6.8. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.	5,5%	Portfolio

2º TRIMESTRE

Estándar	Ponderación	Instrumento
MTB2.3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.	10%	Proba escrita
MTB2.3.3. Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal.	5%	Portfolio
MTB2.4.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.	2.5%	Diario de clase clase (escala de observación)
MTB2.5.2. Realiza operacións con números decimais.	10%	Diario de clase (escala de observación)
MTB2.6.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.	2.5%	Diario de clase (escala de observación)
MTB2.6.7. Descompón números decimais atendendo o valor de posición das súas cifras.	10%	Proba escrita
MTB2.6.9. Estima e redondea o resultado de un cálculo valorando a resposta.	5%	Diario de clase (escala de observación)
MTB2.7.1 Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando	5%	Proba escrita

decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.		
MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas e superficies; elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.	5%	Proba escrita
MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.	15%	Proba escrita
MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa e superficie en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.	15%	Proba escrita
MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.	5%	Proba escrita
MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.	5%	Proba escrita
MTB4.1.1. Identifica e representa ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice...	5%	Portfolio

3º TRIMESTRE

Estándar	Ponderación	Instrumento
MTB1.1.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.	5%	Proba escrita
MTB1.5.1. Iníciase na reflexión sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolto, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras semellantes.	5%	Diario de clase (escala)
MTB2.7.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.	5%	Diario de clase (escala)
MTB3.2.4. Compara superficies de figuras planas por superposición, descomposición e medición.	5%	Proba escrita
MTB4.1.1. Identifica e representa ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice...	5%	Proba escrita
MTB4.1.2. Traza unha figura plana simétrica doutra respecto dun eixe.	5%	Proba escrita
MTB4.1.3. Realiza ampliacións e reducións.	5%	Proba escrita
MTB4.2.1. Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.	5%	Proba escrita
MTB4.2.2. Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.	5%	Proba escrita

MTB4.3.1. Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.	5%	Diario de clase
MTB4.3.2. Utiliza a composición e descomposición para formar figuras planas e corpos xeométricos a partir doutras.	5%	Proba escrita
MTB4.4.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando, e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.	5%	Proba escrita
MTB4.4.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.	5%	Proba escrita
MTB5.1.1. Aplica de forma intuitiva a situacións familiares as medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango.	5%	Diario de clase
MTB5.1.2. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas.	5%	Portfolio
MTB5.2.1. Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas.	5%	Portfolio
MTB5.3.1. Identifica situacións de carácter aleatorio.	5%	Diario de clase
MTB5.3.2. Realiza conxecturas e estimacións sobre algúns xogos (moedas, dados, cartas, loterías...).	5%	Diario de clase

MTB5.4.1. Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos propios da estatística e probabilidade, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as consecuencias destas e a conveniencia da súa utilización.	5%	Proba escrita
MTB5.4.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.	5%	Proba escrita

***Non traballados no curso anterior por mor da suspensión das clases pola situación sanitaria. Polo tanto partirase do nivel acadado no curso 2019-20 e en función do tempo que o alumnado precise para recuperar ese nivel chegaremos ao que corresponde a este curso. No informe de final de curso concretaremos o que quede por acadar.**

4.-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

- Potenciarase un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe fundamentada en competencias.
- Os métodos utilizados partirán da perspectiva do persoal docente como persoal orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado; ademais, deben enfocarse á realización de tarefas ou situacións-problema nas que o alumnado debe resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos matemáticos, destrezas, actitudes e valores. Así mesmo, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo, teranse en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.

- As estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta de tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.
- Resulta fundamental a motivación por aprender nos alumnos/as, polo que o persoal docente xerará neles e nelas a curiosidade e a necesidade de adquirir e aplicar coñecementos, destrezas, actitudes e valores.
- Aplicaranse diferentes técnicas para a avaliación do desempeño do alumnado como por exemplo o portfolio, as rúbricas, mapas mentais, diarios, debates, probas específicas, solución de problemas,...
- O profesorado elaborará diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos/as, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de construción de aprendizaxes. Potenciarase o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.
- A implicación das familias así como de axentes externos no proceso de ensino-aprendizaxe é un factor determinante que tentaremos potenciar activamente. A súa colaboración redundará positivamente no rendemento e nos resultados académicos do alumnado. Serán numerosas as ocasións nas que se convidará á participación de “expertos” e axentes colaboradores na posta en práctica de tarefas e produtos sociais relevantes.
- *TODAS ESTAS CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS VENSE CONDICIONADAS POLA ACTUAL SITUACIÓN SANITARIA. O DISTANCIAMENTO SOCIAL DIFICULTA O TRABALLO COOPERATIVO, A MANIPULACIÓN DE MATERIAIS, A PARTICIPACIÓN PRESENCIAL DAS FAMILIAS... POLA CONTRA AUMENTA A NECESIDADE DE POTENCIAR TODO RELACIONADO COAS TIC DADO QUE ADEMÁIS ESTAMOS INMERSOS NO PROGRAMA EDIXGAL.*

5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A UTILIZAR.

- Ordenador e canon.
- Biblioteca de centro.
- Libro de texto como material de apoio e fonte de exercicios.
- Fichas de traballo elaboradas polo profesorado.
- Libreta de traballo.
- Xogos de mesa.
- Materiais manipulativos.

6.-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

- Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións das áreas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III do Decreto 105/2014, do 4 de setembro. Os **criterios de cualificación** corresponderase coa ponderación do perfil de área, tal e como se recolle no apartado 3 da presente programación.
- A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situación expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde una formulación integradora.
- O profesorado utilizará procedementos de avaliación variados para facilitar a avaliación do alumnado como parte integral do proceso de ensino e aprendizaxe, e como unha ferramenta esencial para mellorar a calidade da educación. Así mesmo, incorporaranse

estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coevaluación. Estes modelos de avaliación favorecen a aprendizaxe desde a reflexión e valoración do alumnado sobre as súas propias dificultades e fortalezas, sobre a participación dos compañeiros/as nas actividades de tipo cooperativo e desde a colaboración co profesorado na regulación do proceso de ensino-aprendizaxe. En todo caso, os distintos procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo dos alumnos/as, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.

-En canto ao **promoción**, o alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor/a.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CALIFICACIÓN
Ferramentas de avaliación do traballo competencial	20%
Probas de avaliación escritas	70%
Actitude e participación na aula	10%

7.-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse a motivación do alumnado?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
2.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
3.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas?				
4.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais?				
8.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
9.- As medidas de apoio, reforzo, etc. establécense vinculadas aos estándares				
10.- Avaliáse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

8.-ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Tal e como se establece no Decreto 299/2011 de atención á diversidade, estableceranse programas específicos de reforzo para aquel alumnado que teña materias pendentes. Así mesmo, seguiranse, sempre que sexa posible, as medidas de atención á diversidade que define o mencionado Decreto:

a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- f) Desdobramentos de grupos.
- g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- h) Programas de enriquecemento curricular.
- i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- j) Programas de recuperación.
- k) Programas específicos personalizados.
- l) Programas de habilidades sociais.

9.-DESEÑO DA AVALIACIÓN INCIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

En cada nivel, durante o mes de setembro e tal e como regula a lexislación vixente, realizarase unha avaliación inicial do alumnado co fin de establecer o nivel de competencia curricular e de desempeño de cada neno/a. Dita avaliación irá encamiñada a determinar o grao de dominio dos contidos/competencias traballadas en cursos anteriores coa finalidade de axustar a programación didáctica as necesidades e características do grupo así como a deseñar e poñer en marcha todas aquelas medidas de atención a diversidade tanto ordinarias como extraordinarias que sexan precisas.

Tamén será preciso detectar intereses e motivacións de todo o alumnado así como estilos de aprendizaxe de cada neno/a. Esta información será moi valiosa á hora de desenvolver proxectos e tarefas integradas, xa que parte do éxito escolar depende en gran medida de estes factores

10.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A metodoloxía empregada converterase na mellor ferramenta de atención á diversidade. A devandita metodoloxía permitiranos adaptarnos ás necesidades do noso alumnado ofrecéndolle diferentes tarefas e responsabilidades segundo as súas características. Basearemos o traballo na técnica de aprendizaxe cooperativo onde o obxectivo último será a inclusión de todo o alumnado. Levaranse a cabo medidas de reforzo educativo por parte do titor/a naqueles casos que sexa necesario, así como apoios polo profesorado con dispoñibilidade horaria.

No caso de aparecer alumnado con NEAE, estaremos en contacto co Departamento de Orientación para a súa valoración, organización dos apoios requiridos e o seguimento da evolución. Nos casos xa diagnosticados levarase una estreita coordinación entre a titoría e o resto de especialistas e continuarase coas medidas de atención á diversidade xa iniciadas o curso anterior.

Os criterios para a organización e a distribución dos recursos no ciclo intentan dar una resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de facilitar o logro dos obxectivos nesta etapa educativa.

Todos estes apoios van cambiando ao longo do curso segundo as necesidades e as evolucións dos nenos/as, pensando sempre que este reforzo é transitorio. Os apoios se dirixirán fundamentalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de lingua e matemáticas. Destacar a importancia de establecer unha boa coordinación entre todos os profesores implicados e o Departamento de Orientación.

O profesorado deste ciclo que dispón de sesións realiza apoios temporais noutras aulas do ciclo, e tamén atende alumnado fora da

aula. Neses apoios traballase o currículo, garantíndolle ao alumno/a con necesidades acadar os contidos da materia que se está a impartir na aula. Esta atención individualizada incide en aspectos curriculares e en estratexias de aprendizaxe.

11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

-Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as disciplinas.

-Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade,...

-Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

-Potenciarase o desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

-A seguridade viaria promóvese a través de accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón europeo/a, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

-A educación para a saúde, ademais de estar presente na área correspondente, este curso é un elemento transversal prioritario. A promoción de todas as medidas sanitarias do protocolo relacionado coa COVID 19 impregnan toda a xornada escolar.

12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS.

- As actividades complementarias estarán moi condicionadas pola situación sanitaria actual, e de momento non se vai poder facer. As actividades complementarias e de conmemoración reflectidas dentro da orde de calendario escolar 2020-2021 faremos que na medida do posible incluílas dentro das áreas de xeito individual, e na área de Valores, como un aspecto máis a tratar ao longo do curso. Decidimos non realizar ningunha celebración como xeito de prevención ante a situación do Covid. .

En canto as tarefas extraescolares do alumnado, estas serán deseñadas polo profesorado de tal xeito que supoñan un reforzo dos contidos e competencias traballados. Ditas tarefas serán axustadas á idade do alumnado e as súas necesidades individuais. Fomentarase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

13.-MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Seguiranse os seguintes criterios:

- Impartición do 80% da materia.
- Superación dos contidos mínimos esixibles polo 50 % do alumnado.

En aqueles casos nos que os mecanismos de revisión indiquen a necesidade de modificar ou mellorar a programación, metodoloxía, etc. Asumiranse as decisións oportunas no seo da coordinación do ciclo e do nivel, tendo en conta as orientacións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

14.ENSINO A DISTANCIA

Se en algún momento do curso non fose posible a docencia presencial, continuaríase de forma telemática a través da plataforma EVA EDIXGAL, tanto a comunicación co alumnado como as actividades, explicacións...

Mentres poda ser presencial potenciarase o uso de das ferramentas TIC coas que está dotados os equipos do alumnado co fin de que esa posible docencia telemática se desenvolva coa maior facilidade posible.

Realizaranse distintos tipos de actividades como: tarefas, fichas, cuestionarios... Algunhas destas actividades serán avaliadas e outras serán autocorrexidas por parte do alumnado.

Propoñeranse tarefas globalizadas que requiran a posta en práctica de todas as competencias do alumnado, TIC como recurso didáctico, as actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo así coma a investigación.

Os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas que se propoñan terán un carácter fundamentalmente práctico.

Salientar que para a súa cualificación valorarase cun 20% a entrega de traballos no prazo establecido.

Na avaliación e cualificación, teranse en conta as produccions dos alumnos. Estas produccions formarán o 100% da cualificación

Alumnado con conectividade:

- A comunicación co alumnado e familias farase a través dos medios que facilita a Consellería: abalarMóbil, aula virtual, EVA (DIXGAL), videoconferencias ou do correo electrónico.
- O alumnado deberá entregar os seus traballos mediante EVA (DIXGAL)

Alumnado sen conectividade:

A comunicación coas familias será telefónica. Enviaránelles os materiais fotocopiados ao alumnado e facilitarase a entrega das tarefas propostas no centro.

Os materiais e recursos empregados serán; materiais elaborados polo profesorado, vídeos explicativos, recursos dixitais de internet, videoconferencias, cuestionarios, libros de texto online e a plataforma EVA (DIXGAL), entre outros.



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

5º EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS

CURSO 2020-21

COORDINADOR/A: SILVIA Mª SABÍN MESA

MESTRES/AS TITORES/:

5º A: SUSANA SANTALLA FERNÁNDEZ

5ºB: EVA Mª BOUZA REY/ SILVIA Mª SABÍN MESA

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

No primeiro nivel do terceiro ciclo de educación primaria do C.E.I.P. A GÁNDARA está constituído por un total de oito mestres: unha titora de 5º A e e dúas cotitoras do 5º B (unha delas a especialista de Inglés), un mestre especialista en Pedagogía Terapéutica, outra adscrita a EP que fai o apoio na clase, unha mestre especialista en Audición e Linguaxe, un mestre de Música e os dous mestres de Educación Física.

Nestes cursos hai un total de 49 alumnos e alumnas, distribuídos do seguinte xeito:

5ºA: 25 alumn@s

5ºB: 24 alumn@s

Entre estes alumnos hai varios alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

En 5º hai 6 alumn@s con dificultades en lectoescritura e problemas de dislexia, así como de comprensión na resolución de problemasc, 1 con TDA (transtorno de déficit de atención) e e 1 con TDAH (transtorno de déficit de atención e hiperactividade) e 1 diagnosticado con rasgos autistas que reciben apoio na aula polos mestres de PT e AL

A variedade de intereses, capacidades, fortalezas e intereses do alumnado enriquece todas as aulas sendo esta tremendamente heteroxéneas. En moitos casos é precisa a intervención e asesoramento do D.O. así como a intervención específica do profesorado especialista en AL e PT.

Seguindo as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás MEDIDAS EDUCATIVAS que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, esta

programación foi elaborado polo equipo docente coa finalidade que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020 e acade os obxetivos mínimos imprescindibles para pasar de curso.

Para a súa elaboración tívose en conta os informes individualizados elaborados ao finalizar o curso anterior así como a avaliación inicial desenvolvida neste curso. Os elementos curriculares esenciais serán reforzados co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DO PERFIL COMPETENCIAL.

Comunicación lingüística (CCL)

CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita

CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.

Competencia dixital (CD)

CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina inserción de ilustracións ou notas etc.).

Aprender a aprender (CAA)

CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.

CNB1.1.6. Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na rede.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

CNB1.3.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

CNB5.2.3. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.

3.- CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

1º TRIMESTRE

1ª Avaliación		
Estándares	Ponderación	Instrumentos de avaliación
▪ CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.	5%	Diario de clase (escala de observación)
▪ CNB1.1.5. Efectúa búsquedas guiadas de información na rede.	5%	Portfolio
CNB1.1.6. Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na rede.	10%	Diario de clase (escala de observación)
CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	5%	Diario de clase (escala de observación)
CNB1.3.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	5%	Portfolio
CNB1.3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.	3%	Diario de clase (escala de observación)

CNB1.3.3. Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.	2%	Diario de clase (escala de observación)
CNB5.1.1. Observa e identifica os elementos dun circuío eléctrico e constrúe un.	5%	Diario de clase
CNB5.1.2. Observa, identifica e explica algúns efectos da electricidade da vida cotiá.	10%	Proba escrita
CNB5.1.3. Expón exemplos de materiais condutores e illantes, argumentado a súa exposición.	15%	Portfolio
CNB5.2.1. Coñece algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade e explica os beneficios ou riscos para á sociedade.	10%	Proba escrita
CNB5.2.2. Valora e describe a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo.	15%	Proba escrita
CNB5.2.3. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.	15%	Proba escrita

2º TRIMESTRE

2º Avaliación		
Estándares	Ponderación	Instrumentos de avaliación
CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.	15%	Diario de clase (escala de observación)
CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes	5%	Portfolio
CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.	5%	Portfolio
CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc.).	5%	Portfolio
CNB4.1.1. Coñece e clasifica materiais segundo as súas propiedades (dureza solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica).	5%	Proba escrita
CNB4.2.1. Utiliza diferentes procedementos para determinar a medida da masa e do volume dun corpo.	5%	Proba escrita
CNB4.2.2. Describe a diferenza entre masa e volume.	10%	Proba escrita
CNB4.2.3. Identifica e explica as principais características da flotación nun medio líquido.	10%	Proba escrita
CNB4.3.1. Identifica e explica as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables e argumenta sobre as accións necesarias para o desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo.	10%	Proba escrita

▪ CNB4.4.1. Realiza experiencias sinxelas, en equipo, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá; formular problemas, enuncia hipóteses, seleccionar o material necesario, extraer conclusións e comunicar os resultados en diferentes soportes.	5%	Diario de clase (escala de observación)
CNB4.4.2. Identifica produtos químicos habituais no fogar e os posibles riscos para o organismo.	10%	Proba escrita
CNB4.4.3. Identifica e explica os símbolos de perigo máis comúns na etiquetaxe.	10%	Proba escrita
CNB4.4.4. Respecta as normas de uso, de seguridade, de conservación e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo, na aula e no centro.	5%	Diario de clase Observación

3º TRIMESTRE

3º Avaliación		
Estándares	Ponderación	Instrumentos de avaliación
CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano	10%	Proba escrita
CNB2.1.2. Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.	10%	Proba escrita
CNB2.3.1. Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e presenta conclusións en diversos soportes.	10%	Portfolio
CNB2.3.2. Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables.	5%	Portfolio
CNB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.	5%	Proba escrita
CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles.	15%	Proba escrita
CNB3.2.1. Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos.	10%	Proba escrita
CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados invertebrados e plantas.	15%	Diario de clase (escala de observación)
CNB3.3.1. Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema.	5%	Proba escrita
CNB3.3.2. Investiga con criterio científico, ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes.	5%	Portfolio

CNB3.3.3. Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado	2%	Proba escrita
CNB3.3.4. Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica.	1%	Diario de clase (escala de observación)
CNB3.3.5. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utiliza os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados e comunica de xeito oral e escrito os resultados.	2%	Diario de clase (escala de observación)
CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.	5%	Diario de clase (escala de observación)

***Non traballados no curso anterior por mor da suspensión das clases pola situación sanitaria. Polo tanto partírase do nivel acadado no curso 2019-20 e en función do tempo que o alumnado precise para recuperar ese nivel chegaremos ao que corresponde a este curso. No informe de final de curso concretaremos o que quede por acadar.**

4.-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

- Potenciarase un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias. Resulta imprescindible unha estreita colaboración entre os docentes no desenvolvemento curricular e na transmisión de información sobre a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, así como cambios nas prácticas de traballo e nos métodos de ensinanza.

- Os contidos conceptuais, procedementais e actitudinais traballarase na aula arredor da realización de tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, de consumo...), onde o alumnado avance no desempeño das competencias clave ao longo da etapa, elixindo en cada caso a metodoloxía axeitada en función das necesidades.
- As estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta de tarefas, proxectos e investigacións, fomentarán hábitos de traballo en equipo, a resolución pacífica de conflitos e potenciarán unha axeitada atención á diversidade.
- Aplicaranse diferentes técnicas para a avaliación do desempeño do alumnado como, por exemplo, o portfolio, as rúbricas, os mapas mentais, diarios, debates, probas específicas, resolución de problemas...
- Utilizaranse a variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe.
- *TODAS ESTAS CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS VENSE CONDICIONADAS POLA ACTUAL SITUACIÓN SANITARIA. O DISTANCIAMENTO SOCIAL DIFICULTA O TRABALLO COOPERATIVO, A MANIPULACIÓN DE MATERIAIS, A PARTICIPACIÓN PRESENCIAL DAS FAMILIAS... POLA CONTRA AUMENTA A NECESIDADE DE POTENCIAR TODO RELACIONADO COAS TIC DADO QUE ADEMÁIS ESTAMOS INMERSOS NO PROGRAMA EDIXGAL.*

5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A UTILIZAR.

- Diferente material bibliográfico facilitado polas familias e o propio centro.
- Ordenador e canon.
- Aula virtual.
- Biblioteca de centro.
- Diferentes libros de lectura.
- Fichas de traballo elaboradas polo profesorado.
- Libreta de traballo.
- Diccionario
- Revistas, xornais, folletos publicitarios,...
- Material de elaboración propia.
- Dispositivos móbiles.

6.-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

- Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións das áreas troncais, específicas serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III do Decreto 105/2014, do 4 de setembro. Os **criterios de cualificación** corresponderase coa ponderación do perfil de área, tal e como se recolle no apartado 3 da presente programación.
- A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situación expostas,

dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde una formulación integradora.

-O profesorado utilizará procedementos de avaliación variados para facilitar a avaliación do alumnado como parte integral do proceso de ensino e aprendizaxe, e como unha ferramenta esencial para mellorar a calidade da educación. Así mesmo, incorporaranse estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coevaluación. Estes modelos de avaliación favorecen a aprendizaxe desde a reflexión e valoración do alumnado sobre as súas propias dificultades e fortalezas, sobre a participación dos compañeiros/as nas actividades de tipo cooperativo e desde a colaboración co profesorado na regulación do proceso de ensino-aprendizaxe. En todo caso, os distintos procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo dos alumnos/as, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.

-En canto ao **promoción**, o alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias

correspondentes. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor/a.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CALIFICACIÓN
Ferramentas de avaliación do traballo competencial	20%
Probas de avaliación escritas	70%
Actitude e participación na aula	10%

7.-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse a motivación do alumnado?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
2.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
3.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas?				
4.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais?				
8.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
9.- As medidas de apoio, reforzo, etc. establécense vinculadas aos estándares				
10.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

8.-ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Tal e como se establece no Decreto 299/2011 de atención á diversidade, estableceranse programas específicos de reforzo para aquel alumnado que teña materias pendentes. Así mesmo, seguiranse, sempre que sexa posible, as medidas de atención á diversidade que define o mencionado Decreto:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- f) Desdobramentos de grupos.
- g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- h) Programas de enriquecemento curricular.
- i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- j) Programas de recuperación.
- k) Programas específicos personalizados.
- l) Programas de habilidades sociais.

9.-DESEÑO DA AVALIACIÓN INCIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

En cada nivel, durante o mes de setembro e tal e como regula a lexislación vixente, realizarase unha avaliación inicial do alumnado co fin de establecer o nivel de competencia curricular e de desempeño de cada neno/a. Dita avaliación irá encamiñada a determinar o grao de dominio dos contidos/competencias traballadas en cursos anteriores coa finalidade de axustar a programación didáctica as necesidades e características do grupo así como a deseñar e poñer en marcha todas aquelas medidas de atención a diversidade tanto ordinarias como extraordinarias que sexan precisas.

Tamén será preciso detectar intereses e motivacións de todo o alumnado así como estilos de aprendizaxe de cada neno/a. Esta información será moi valiosa á hora de desenvolver proxectos e tarefas integradas, xa que parte do éxito escolar depende en gran medida de estes factores

10.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A propia metodoloxía empregada baseada en proxectos de traballo converterase na mellor ferramenta de atención á diversidade. A devandita metodoloxía permitiranos adaptarnos ás necesidades do noso alumnado ofrecéndolle diferentes tarefas e responsabilidades segundo as súas características. Basearemos o traballo na técnica de aprendizaxe cooperativo onde o obxectivo último será a inclusión de todo o alumnado. Levaranse a cabo medidas de reforzo educativo por parte do titor/a naqueles casos que sexa necesario, así como apoios polo profesorado con dispoñibilidade horaria.

No caso de aparecer alumnado con NEAE, estaremos en contacto co Departamento de Orientación para a súa valoración, organización dos apoios requiridos e o seguimento da evolución. Nos casos xa diagnosticados levarase una estreita coordinación entre a titoría e o resto de especialistas e continuarase coas medidas de atención á diversidade xa iniciadas o curso anterior.

Os criterios para a organización e a distribución dos recursos no ciclo intentan dar una resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de facilitar o logro dos obxectivos nesta etapa educativa.

Todos estes apoios van cambiando ao longo do curso segundo as necesidades e as evolucións dos nenos/as, pensando sempre que este reforzo é transitorio. Os apoios se dirixirán fundamentalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de lingua e matemáticas. Destacar a importancia de establecer unha boa coordinación entre todos os profesores implicados e o Departamento de Orientación.

O profesorado deste ciclo que dispón de sesións realiza apoios temporais noutras aulas do ciclo, e tamén atende alumnado fora da aula. Nesas apoios traballase o currículo, garantíndolle ao alumno/a con necesidades acadar os contidos da materia que se está a impartir na aula. Esta atención individualizada incide en aspectos curriculares e en estratexias de aprendizaxe.

11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

-Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as disciplinas.

-Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade,...

-Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

-Potenciarase o desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

-A seguridade viaria promóvese a través de accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón europeo/a, persoa viaxeira e

persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

A educación para a saúde, ademais de estar presente na área correspondente, este curso é un elemento transversal prioritario. A promoción de todas as medidas sanitarias do protocolo relacionado coa COVID 19 impregnan toda a xornada escolar.

12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS.

- As actividades complementarias estarán moi condicionadas pola situación sanitaria actual, e de momento non se vai poder facer. As actividades complementarias e de conmemoración reflectidas dentro da orde de calendario escolar 2020-2021 faremos que na medida do posible incluílas dentro das áreas de xeito individual, e na área de Valores, como un aspecto máis a tratar ao longo do curso. Decidimos non realizar ningunha celebración como xeito de prevención ante a situación do Covid. .

-En canto as tarefas extraescolares do alumnado, estas serán deseñadas polo profesorado de tal xeito que supoñan un reforzo dos contidos e competencias traballados. Ditas tarefas serán axustadas á idade do alumnado e as súas necesidades individuais. Fomentárase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

13.-MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

En aqueles casos nos que os mecanismos de revisión indiquen a necesidade de modificar ou mellorar a programación, metodoloxía, etc. Asumiranse as decisións oportunas no seo da coordinación do ciclo e do nivel, tendo en conta as orientacións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

14.ENSINO A DISTANCIA

Se en algún momento do curso non fose posible a docencia presencial, continuaríase de forma telemática a través da plataforma EVA EDIXGAL, tanto a comunicación co alumnado como as actividades, explicacións...

Mentres poda ser presencial potenciarase o uso de das ferramentas TIC coas que está dotados os equipos do alumnado co fin de que esa posible docencia telemática se desenvolva coa maior facilidade posible.

Realizaranse distintos tipos de actividades como: tarefas, fichas, cuestionarios... Algunhas destas actividades serán avaliadas e outras serán autocorrexidas por parte do alumnado.

Propoñeranse tarefas globalizadas que requiran a posta en práctica de todas as competencias do alumnado, TIC como recurso didáctico, as actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo así coma a investigación.

Os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas que se propoñan terán un carácter fundamentalmente práctico.

Na avaliación e cualificación, teranse en conta as producións dos alumnos . Estas producións formarán o 100 % da cualificación. Salientar que para a súa cualificación valorarase cun 20% a entrega de traballos no prazo establecido.

Alumnado con conectividade:

- A comunicación co alumnado e familias farase a través dos medios que facilita a Consellería: abalarMóbil, aula virtual, EVA (DIXGAL), videoconferencias ou do correo electrónico.
- O alumnado deberá entregar os seus traballos mediante o EVA (DIXGAL)

Alumnado sen conectividade:

A comunicación coas familias será telefónica. Enviaránelles os materiais fotocopiados ao alumnado e facilitarase a entrega das tarefas propostas no centro.

Os materiais e recursos empregados serán; materiais elaborados polo profesorado, vídeos explicativos, recursos dixitais de internet, videoconferencias, cuestionarios, libros de texto online e a plataforma EVA (DIXGAL), entre outros.

A comunicación coas familias será telefónica. Enviaránelles os materiais fotocopiados ao alumnado e facilitarase a entrega das tarefas propostas no centro.

Os materiais e recursos empregados serán; materiais elaborados polo profesorado, vídeos explicativos, recursos dixitais de internet, videoconferencias, cuestionarios, libros de texto online e a plataforma EVA (DIXGAL), entre outros.



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

5º EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

CURSO 2020-21

COORDINADOR/A: SILVIA Mª SABÍN MESA

MESTRES/AS TITORES/:

5º A: SUSANA SANTALLA FERNÁNDEZ

5ºB: EVA Mª BOUZA REY/ SILVIA Mª SABÍN MESA

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

No primeiro nivel do terceiro ciclo de educación primaria do C.E.I.P. A GÁNDARA está constituído por un total de oito mestres: unha titora de 5º A e e dúas cotitoras do 5º B (una delas a especialista de Inglés), un mestre especialista en Pedagogía Terapéutica, outra adscrita a EP que fai o apoio na clase, unha mestre especialista en Audición e Linguaxe, un Mestre de música e os dous mestres de Educación Física.

Nestes cursos hai un total de 49 alumnos e alumnas, distribuídos do seguinte xeito:

5ºA: 25 alumn@s

5ºB: 24 alumn@s

Entre estes alumnos hai varios alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

En 5º hai 6 alumn@s con dificultades en lectoescritura e problemas de dislexia, así como de comprensión na resolución de problemas, 1 con TDA (transtorno de déficit de atención) e e 1 con TDAH (transtorno de déficit de atención e hiperactividade) e 1 diagnosticado con rasgos autistas que reciben apoio na aula polos mestres de PT e AL

A variedade de intereses, capacidades, fortalezas e intereses do alumnado enriquece todas as aulas sendo esta tremendamente heteroxéneas. En moitos casos é precisa a intervención e asesoramento do DO así como a intervención específica do profesorado especialista en AL e PT.

Seguindo as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás MEDIDAS EDUCATIVAS que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, esta

programación foi elaborado polo equipo docente coa finalidade que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020 e acade os obxetivos mínimos imprescindibles para pasar de curso.

Para a súa elaboración tívose en conta os informes individualizados elaborados ao finalizar o curso anterior así como a avaliación inicial desenvolvida neste curso. Os elementos curriculares esenciais serán reforzados co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DO PERFIL COMPETENCIAL.

Comunicación lingüística (CCL)

CCB1.3.2.Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifestan a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

CSB1.3.3.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.

Competencia dixital (CD)

CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.

Aprender a aprender (CAA)

CSB1.1.2. Manifiesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.

CSB1.2.2. Adoita un comportamento responsable, construtivo e solidario respectando diferentes ideas e achegas nos debates, recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

CSB1.1.2. Manifiesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

CSB4.5.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.

3.- CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

1º AVALIACIÓN		
ESTÁNDAR	PONDERACIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
CSB1 3.1. Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.	5%	Diario de clase
CCB1.3.2. Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifestan a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico.	5%	Diario de clase
CSB1.3.3. Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación	10%	Portfolio
*CSB4.1.1 Identifica a idea de idade da historia e data a Idade Media e Moderna, asociándoas aos feitos que marcan os seus inicios e finais.	10%	Proba escrita
CSB4.2.1. Coñece algunhas fontes da historia representativas de cada unha das idades da historia, facendo fincapé na Idade Contemporánea.	5%	Proba escrita
CSB4.3.1. Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.	5%	Diario de clase

*CSB4.4.1. Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes da Idade Media e Idade Moderna en España.	10%	Proba escrita
CSB4.4.2. Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia medieval e moderna de España, describindo as principais características de cada unha delas.	5%	Proba escrita
CSB4.4.3. Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas.	10%	Proba escrita
*CSB4.4.4. Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais da Idade Media e da Idade Moderna en España citando aos seus representantes máis significativos.	10%	Portfolio
CSB4.4.5. Identifica as características distintivas das culturas que conviviron nos reinos peninsulares durante a Idade Media describindo a evolución política e os distintos modelos sociais.	5%	Proba escrita
CSB4.4.6. Explica as características da Idade Moderna e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia neste período de tempo (Monarquía dos Austrias, s. XVI-XVII. Os Borbóns, s. XVIII).	10%	Proba escrita
CSB4.5.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	5%	Diario de clase (escala de observación)
CSB4.6.1. Aprecia a herdanza cultural a escala local e nacional como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.	5%	Diario de clase (escala de observación)

2º AVALIACIÓN

ESTÁNDAR	PONDERACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	5%	Portfolio
CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	2%	Diario de clase (escala de observación)
CSB1.1.3. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa	5%	Diario de clase (escala de observación)
CSB2.1.1. Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa.	10%	Proba escrita
CSB2.2.1. Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade.	5%	Proba escrita
CSB2.3.1. Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado e calcula os fusos horarios.	10%	Proba escrita
CSB2.3.2. Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e comounidades para medir o tempo.	10%	Proba escrita
CSB2.3.3. Define a translación da Lúa identificando e nomeando as fases lunares.	5%	Proba escrita
CSB2.4.1. Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.	2%	Portfolio

CSB2.5.1. Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España.	5%	Proba escrita
CSB2.6.1. Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais.	5%	Proba escrita
CSB2.6.2 Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España, e as zonas ás que afecta cada un, interpretando e analizando climogramas de distintos territorios de España e relacionándoos co clima ao que pertence.	5%	Portfolio
CSB2.7.1. Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España valorando a súa diversidade.	8%	Proba escrita
CSB2.8.1. Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas.	10%	Portfolio
CSB2.8.2. Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España.	8%	Portfolio
CSB2.9.1. Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.	2%	Proba escrita
CSB2.9.2. Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.	3%	Diario de clase

3º AVALIACIÓN

ESTÁNDAR	PONDERACIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.	3%	Diario de clase (escala de observación)
CSB1.2.2.Adoita un comportamento responsable, construtivo e solidario respectando diferentes ideas e achegas nos debates, recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.	2%	Diario de clase (escala de observación)
CSB3.1.1.Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español	3%	Proba escrita
CSB3.2.1.Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización..	2%	Proba escrita
CSB3.2.2.Identifica e comprende a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.	5%	Proba escrita
CSB3.3.1.Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias.	10%	Portfolio
CSB3.4.1.Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.	5%	Diario de clase, (escala de observación)
CSB3.5.1.Define demografía e poboación, comprende os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á de poboación.	5%	Proba escrita

CSB3 5.2. Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.	10%	Portfolio
CSB3.6.1. Describe os principais rasgos da poboación española.	5%	Proba escrita
CSB3.6.2. Explica o proceso da evolución da poboación en España e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade.	5%	Proba escrita
CSB3.6.3. Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española.	5%	Proba escrita
CSB3.6.4 Sitúa nun mapa os maiores núcleos de poboación en España e as zonas máis densamente poboadas.	10%	Portfolio
CSB3.7.1 Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de inmigrantes ao noso país.	5%	Proba escrita
CSB3.7.2. Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación española: migracións, envellecemento, etc.	5%	Proba escrita
CSB3.8.1. Identifica e define materias primas e produto elaborado e os asocia coas actividades nas que se obteñen.	5%	Proba escrita
CSB3 8.2 Describe ordenadamente o proceso de obtención dun produto ata a súa venda e identifica os sectores aos que pertencen.	5%	Proba escrita
CSB3.9.1. Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.	5%	Proba escrita
▪ CSB3.9.2. Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e as súas localizacións nos territorios correspondentes.	5%	Proba escrita
CSB4.5.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	5%	Diario de clase (escala de observación)
CSB4.6.1. Aprecia a herdanza cultural a escala local e nacional como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.	5%	Diario de clase (escala de observación)

***Non traballados no curso anterior por mor da suspensión das clases pola situación sanitaria. Polo tanto partirase do nivel acadado no curso 2019-20 e en función do tempo que o alumnado precise para recuperar ese nivel chegaremos ao que corresponde a este curso. No informe de final de curso concretaremos o que quede por acadar.**

4.-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

- Deseñaranse e desenvolveranse propostas didácticas integradas, activas, contextualizadas, cunha finalidade e funcionalidade clara, que impliquen e posibiliten a activación da variedade de procesos cognitivos e contribúan e aseguren o desenvolvemento de todas as competencias ao longo de toda a etapa. Serán propostas de traballo que xurdan dun problema, acontecemento ou inqueda, que supoñan un proceso de investigación e acción que garanta a participación activa do alumnado, a experimentación e a funcionalidade das aprendizaxes e que lle permita organizar o seu pensamento, a reflexión crítica e facilite o proceso de autorregulación das aprendizaxes. O traballo por proxectos, os estudos de casos, a aprendizaxe baseada en problemas, as experiencias de aprendizaxe por servizo, as prácticas de aprendizaxe cooperativa, as prácticas de ensinanza e aprendizaxe baseadas no pensamento crítico e creativo e as experiencias en comunidades de aprendizaxe serían propostas que responderían a ese perfil.
- É fundamental na área de Ciencias Sociais o aproveitamento dos recursos propios da contorna, non soamente físicos, senón tamén humanos. Neste sentido, consideraranse as diferenzas interculturais como un aspecto enriquecedor que achega posibilidades de aprendizaxe.

- Para a construción e a consolidación das aprendizaxes partírase, en todo momento, dos coñecementos previos do alumnado, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional. Este proceso implica a secuenciación dos contidos partindo do que eles xa coñecen para así avanzar e ir de aprendizaxes máis simples cara outros máis complexos.
- O alumnado debe ser o protagonista das súas aprendizaxes, a construción das aprendizaxes é persoal e, polo tanto, moi diversa polo que se presentarán propostas de traballo individual e de equipo que posibilitan a resolución conxunta das tarefas e favorezan a inclusión do alumnado.
- O persoal docente deberá buscar propostas e estratexias que activen ao alumnado que promovan a curiosidade e a motivación neste, de cara á investigación e resolución de problemas e que lle permitan ser consciente de que el/ela é o responsable das súas aprendizaxes.
- *TODAS ESTAS CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS VENSES CONDICIONADAS POLA ACTUAL SITUACIÓN SANITARIA. O DISTANCIAMENTO SOCIAL DIFICULTA O TRABALLO COOPERATIVO, A MANIPULACIÓN DE MATERIAIS, A PARTICIPACIÓN PRESENCIAL DAS FAMILIAS... POLA CONTRA AUMENTA A NECESIDADE DE POTENCIAR TODO RELACIONADO COAS TIC DADO QUE ADEMÁS ESTAMOS INMERSOS NO PROGRAMA EDIXGAL.*

5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A UTILIZAR.

- Diferente material bibliográfico facilitado polas familias e o propio centro.
- Ordenador e canon.
- Aula virtual.
- Biblioteca de aula e de centro.
- Diferentes libros de lectura.
- Fichas de traballo elaboradas polo profesorado.
- Libreta de traballo.
- Diccionario
- Revistas, xornais, folletos publicitarios,...
- Xogos de mesa
- Material manipulativos
- Material de elaboración propia.
- Dispositivos móbiles e tablets.

6.-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

-Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións das áreas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III do Decreto 105/2014, do 4 de setembro. Os **criterios de cualificación** corresponderase coa ponderación

do perfil de área, tal e como se recolle no apartado 3 da presente programación.

-A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde una formulación integradora.

-O profesorado utilizará procedementos de avaliación variados para facilitar a avaliación do alumnado como parte integral do proceso de ensino e aprendizaxe, e como unha ferramenta esencial para mellorar a calidade da educación. Así mesmo, incorporaranse estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coevaluación. Estes modelos de avaliación favorecen a aprendizaxe desde a reflexión e valoración do alumnado sobre as súas propias dificultades e fortalezas, sobre a participación dos compañeiros/as nas actividades de tipo cooperativo e desde a colaboración co profesorado na regulación do proceso de ensino-aprendizaxe. En todo caso, os distintos procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo dos alumnos/as, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.

-En canto ao **promoción**, o alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias

correspondentes. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor/a.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CALIFICACIÓN
Ferramentas de avaliación do traballo competencial	20%
Probas de avaliación escritas	70%
Actitude e participación na aula	10%

7.-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse a motivación do alumnado?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo?				
Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				

2.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
3.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas?				
4.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais?				
8.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
9.- As medidas de apoio, reforzo, etc. establécense vinculadas aos estándares				
10.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

8.-ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Tal e como se establece no Decreto 299/2011 de atención á diversidade, estableceranse programas específicos de reforzo para aquel alumnado que teña materias pendentes. Así mesmo, seguiranse, sempre que sexa posible, as medidas de atención á diversidade que define o mencionado Decreto:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- f) Desdobramentos de grupos.
- g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- h) Programas de enriquecemento curricular.
- i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- j) Programas de recuperación.
- k) Programas específicos personalizados.
- l) Programas de habilidades sociais.

9.-DESEÑO DA AVALIACIÓN INCIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

En cada nivel, durante o mes de setembro e tal e como regula a lexislación vixente, realizarase unha avaliación inicial do alumnado co fin de establecer o nivel de competencia curricular e de desempeño de cada neno/a. Dita avaliación irá encamiñana a determinar o grao de dominio dos contidos/competencias traballadas en cursos anteriores coa finalidade de axustar a programación didáctica as necesidades e características do grupo así como a deseñar e poñer en marcha todas aquelas medidas de atención a diversidade tanto ordinarias como extraordinarias que sexan precisas.

Tamén será preciso detectar intereses e motivacións de todo o alumnado así como estilos de aprendizaxe de cada neno/a. Esta información será moi valiosa á hora de desenvolver proxectos e tarefas integradas, xa que parte do éxito escolar depende en gran medida de estes factores

10.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A propia metodoloxía empregada baseada en proxectos de traballo converterase na mellor ferramenta de atención á diversidade. A devandita metodoloxía permitiranos adaptarnos ás necesidades do noso alumnado ofrecéndolle diferentes tarefas e responsabilidades segundo as súas características. Basearemos o traballo na técnica de aprendizaxe cooperativo onde o obxectivo último será a inclusión de todo o alumnado. Levaranse a cabo medidas de reforzo educativo por parte do titor/a naqueles casos que sexa necesario, así como apoios polo profesorado con dispoñibilidade horaria.

No caso de aparecer alumnado con NEAE, estaremos en contacto co Departamento de Orientación para a súa valoración, organización dos apoios requiridos e o seguimento da evolución. Nos casos xa diagnosticados levarase una estreita coordinación entre a titoría e o resto de especialistas e continuarase coas medidas de atención á diversidade xa iniciadas o curso anterior.

Os criterios para a organización e a distribución dos recursos no ciclo intentan dar una resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de facilitar o logro dos obxectivos nesta etapa educativa.

Todos estes apoios van cambiando ao longo do curso segundo as necesidades e as evolucións dos nenos/as, pensando sempre que este reforzo é transitorio. Os apoios se dirixirán fundamentalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de lingua e matemáticas. Destacar a importancia de establecer unha boa coordinación entre todos os profesores implicados e o Departamento de Orientación.

O profesorado deste ciclo que dispón de sesións realiza apoios temporais noutras aulas do ciclo, e tamén atende alumnado fora da aula. Neses apoios traballase o currículo, garantíndolle ao alumno/a con necesidades acadar os contidos da materia que se está a impartir na aula. Esta atención individualizada incide en aspectos curriculares e en estratexias de aprendizaxe.

11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

-Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as disciplinas.

-Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade,...

-Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

-Potenciarase o desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

-A seguridade viaria promóvese a través de accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón europeo/a, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

- **A educación para a saúde, ademais de estar presente na área correspondente, este curso é un elemento transversal prioritario. A promoción de todas as medidas sanitarias do protocolo relacionado coa COVID 19 impregnan toda a xornada escolar.**

12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS.

As actividades complementarias estarán moi condicionadas pola situación sanitaria actual, e de momento non se vai poder facer. As actividades complementarias e de conmemoración reflectidas dentro da orde de calendario escolar 2020-2021 faremos que na medida do posible, incluílas dentro das áreas de xeito individual, e na área de Valores, como un aspecto máis a tratar ao longo do curso. Decidimos non realizar ningunha celebración como xeito de prevención ante a situación do Covid.

-En canto as tarefas extraescolares do alumnado, estas serán deseñadas polo profesorado de tal xeito que supoñan un reforzo dos contidos e competencias traballados. Ditas tarefas serán axustadas á idade do alumnado e as súas necesidades individuais. Fomentárase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

13.- MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Seguiranse os seguintes criterios:

- Impartición do 80% da materia.
- Superación dos contidos mínimos esixibles polo 50 % do alumnado.

En aqueles casos nos que os mecanismos de revisión indiquen a necesidade de modificar ou mellorar a programación, metodoloxía, etc. Asumiranse as decisións oportunas no seo da coordinación do ciclo e do nivel, tendo en conta as orientacións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

14.ENSINO A DISTANCIA

Se en algún momento do curso non fose posible a docencia presencial, continuaríase de forma telemática a través da plataforma EVA EDIXGAL, tanto a comunicación co alumnado como as actividades, explicacións...

Mentres poda ser presencial potenciarase o uso de das ferramentas TIC coas que está dotados os equipos do alumnado co fin de que esa posible docencia telemática se desenvolva coa maior facilidade posible.

Realizaranse distintos tipos de actividades como: tarefas, fichas, cuestionarios... Algunhas destas actividades serán avaliadas e outras serán autocorrexidas por parte do alumnado.

Propoñeranse tarefas globalizadas que requiran a posta en práctica de todas as competencias do alumnado, TIC como recurso didáctico, as actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo así coma a investigación.

Os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas que se propoñan terán un carácter fundamentalmente práctico.

Na avaliación e cualificación, teranse en conta as producións dos alumnos . Estas producións formarán o 100 % da cualificación. Salientar que para a súa cualificación valorarase cun 20% a entrega de traballos no prazo establecido.

Alumnado con conectividade:

- A comunicación co alumnado e familias farase a través dos medios que facilita a Consellería: abalarMóbil, aula virtual, EVA (DIXGAL), videoconferencias ou do correo electrónico.
- O alumnado deberá entregar os seus traballos mediante EVA (DIXGAL)

Alumnado sen conectividade:

A comunicación coas familias será telefónica. Enviaránelles os materiais fotocopiados ao alumnado e facilitarase a entrega das tarefas propostas no centro.

Os materiais e recursos empregados serán; materiais elaborados polo profesorado, vídeos explicativos, recursos dixitais de internet, videoconferencias, cuestionarios, libros de texto online e a plataforma EVA (DIXGAL), entre outros.



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

5º EDUCACIÓN PRIMARIA

**ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E
LITERATURA**

CURSO 2020-21

COORDINADOR/A: SILVIA Mª SABÍN MESA

MESTRES/AS TITORES/:

5º A: SUSANA SANTALLA FERNÁNDEZ

5ºB: EVA Mª BOUZA REY/ SILVIA Mª SABÍN MESA

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

No primeiro nivel do terceiro ciclo de educación primaria do C.E.I.P. A GÁNDARA está constituído por un total de oito mestres: unha titora de 5º A e dúas cotitoras do 5º B (unha delas a especialista de Inglés), un mestre especialista en Pedagogía Terapéutica, outra adscrita a EP que fai o apoio na clase, unha mestre especialista en Audición e Linguaxe, un mestre de Música e os dous mestres de Educación Física.

Nestes cursos hai un total de 49 alumnos e alumnas, distribuídos do seguinte xeito:

5ºA: 25 alumn@s

5ºB: 24 alumn@s

Entre estes alumnos hai varios alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

En 5º hai 6 alumn@s con dificultades en lectoescritura e problemas de dislexia, así como de comprensión na resolución de problemas, 1 con TDA (transtorno de déficit de atención) e 1 con TDAH (transtorno de déficit de atención e hiperactividade) e 1 diagnosticado con rasgos autistas que reciben apoio na aula polos mestres de PT e AL

A variedade de intereses, capacidades, fortalezas e intereses do alumnado enriquece todas as aulas sendo esta tremendamente heteroxéneas.

En moitos casos é precisa a intervención e asesoramento do DO así como a intervención específica do profesorado especialista en AL e PT.

Seguindo as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás MEDIDAS EDUCATIVAS que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, esta

programación foi elaborado polo equipo docente coa finalidade que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020 e acade os obxetivos mínimos imprescindibles para pasar de curso.

Para a súa elaboración tívose en conta os informes individualizados elaborados ao finalizar o curso anterior así como a avaliación inicial desenvolvida neste curso. Os elementos curriculares esenciais serán reforzados co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DO PERFIL COMPETENCIAL.

Comunicación lingüística (CCL)

LCB1.1.1. Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos ao grao de formalidade dos contextos nos que produce o seu discurso: debates, exposicións planificadas, conversas.

Competencia dixital (CD)

LCB1.9.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para recoller información.

LCB2.10.1. Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.

LCB3.7.1. Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e da Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, buscar imaxes, crear táboas e gráficas etc.

Aprender a aprender (CAA)

LCB1.9.3. Realiza entrevistas e reportaxes sobre temas de interese, seguindo modelos.

LCB2.5.1. Consulta biblioteca, de xeito guiado, de diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información para realizar traballos individuais ou en grupo.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

LCB1.1.2. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos e emocións con claridade. LCB1.3.2. Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

LCB1.5.4. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación de aprendizaxe individual ou colectivo.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

LCB5.1.1. Valora e reconece as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.

LCB4.6.1. Valora a variedade lingüística de España.

3.- CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

1º TRIMESTRE

Estándar	Ponderación	Instrumento
LCB1.1.1. Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos ao grao de formalidade dos contextos nos que produce o seu discurso: debates, exposicións planificadas, conversas.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LCB1.1.2. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos e emocións con claridade.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LCB1.2.1. Integra recursos verbais e non verbais para comunicarse nas interaccións orais, dándolle valor complementario a estes.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LCB1.4 2. Diferenza polo contexto o significado de correspondencias fonemagrafía idénticas en textos significativos.	3%	Proba escrita
LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía de textos orais sinxelos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	4%	Proba escrita

LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LCB1.5.4. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación de aprendizaxe individual ou colectiva.	3%	Portfolio
LCB1.9.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para recoller información.	3%	Portfolio
LCB2.1.1. Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LCB2.3.1. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LCB2.3.5. Interpreta mapas conceptuais sinxelos.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LCB2.3.6. Iníciase na utilización autónoma do dicionario en distintos soportes, no seu traballo escolar.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LCB2.4.1. Dedicar un tempo semanal para a lectura voluntaria de diferentes textos.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.	1%	Diario de clase

		(escala de observación)
LCB2.10.1. Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelo do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas...	10%	Proba escrita
LCB3.1.4. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.	3%	Portfolio
LCB3.3.1. Pon interese e esfórzase por escribir correctamente.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LCB3.3.2. Reproduce textos ditados.	5%	Proba escrita
LCB3.6.1. Exprésase por escrito, utilizando de xeito habitual, unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas.	7%	Proba escrita
LCB3.8.1. Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel.	3%	Portfolio

LCB4.1.1. Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados.(sustantivos, determinantes artigos e posesivos)	7%	Proba escrita
LCB4.2.1. Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos ou frases feitas na expresión oral e escrita.(sinónimos, antónimos, polisémicas e homófonos)	8%	Proba escrita
LCB4.3.1. Iníciase no coñecemento da estrutura do dicionario e no seu uso para buscar o significado de diferentes tipos palabras.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LCB4.3.3. Utiliza as normas ortográficas básicas nas súas producións escritas.(acentuación)	3%	Portfolio
LCB4.4.3. Aplica as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto.	7%	Proba escrita
LCB4.4.4. Usa os signos de puntuación ao producir textos escritos.(punto)	4%	Proba escrita
LCB4.6.1. Valora a variedade lingüística de España.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LCB4.7.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos e léxicos) das linguas que coñece.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LCB 5.2.2. Interpreta, intuitivamente, a linguaxe figurada en textos literarios.(hipérbole e personificación, comparación e metáfora)	5%	Proba escrita

2º TRIMESTRE

Estándar	Ponderación	Instrumento
LCB1.3.2. Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situacións de comunicación: diálogos, exposicións orais seguindo modelos e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e comunicación.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LCB1.3.3 Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario axeitado e estrutura coherente.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LCB1.6.1. Reproduce de memoria breves textos literarios ou non literarios axeitados aos seus gustos e intereses.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LCB1.7.2. Organiza o discurso axeitándose aos diferentes modos discursivos (narrar, expoñer, describir e dialogar).	1%	Diario de clase (escala de observación)
LCB1.8.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita, recollida de datos, pregunta e repregunta.	1%	Diario de clase (escala de observación)

LCB1.9.2. Transforma en noticias feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LCB2.2. 1. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LCB2.2.2. Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.	4%	Proba escrita
LCB2.3.2. Identifica as palabras clave dun texto.	4%	Proba escrita
LCB2.3.3. Activa coñecementos previos axudándose deles para comprender un texto.	4%	Proba escrita
LCB2.5.2. Localiza na biblioteca de aula e centro lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas de funcionamento da mesma.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LCB2.7.1. Diferenza entre información e publicidade.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LCB2.10.1. Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelo do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) diarios, cartas, correos	8%	Proba escrita

electrónicos, noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas...		
LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LCB3.4.1. Emprega, de xeito guiado e segundo modelos, estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LCB3.5.2. Elabora con creatividade textos breves do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis, ilustrándoos para facilitar a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.	5%	Portfolio
LCB3.7.1. Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e da Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, buscar imaxes, crear táboas e gráficas etc.	5%	Portfolio
LCB3.8.1. Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel.	5%	Proba escrita
LCB4.1.1. Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados.(determinantes indefinidos, demostrativos e numerais;pronomes persoais; adxectivos; verbos)	7%	Proba escrita
LCB4.2.1. Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos ou frases feitas na expresión oral e escrita.(refrán e frases feitas)	6%	Proba escrita

LCB4.2.2. Recoñece prefixos e sufixos e é capaz de crear palabras derivadas.	5%	Proba escrita
LCB4.3.3. Utiliza as normas ortográficas básicas nas súas producións escritas.(g/j, r/rr)	5%	Proba escrita
LCB4.4.4. Usa os signos de puntuación ao producir textos escritos(coma,dous puntos)	6%	Proba escrita
LCB4.4.6. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.	6%	Proba escrita
LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade como apoio e reforzo da aprendizaxe.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LCB 5.3.1. Utiliza, de xeito guiado, comparacións, aumentativos, diminutivos e sinónimos en textos literarios.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LCB 5.4.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.	5%	Portfolio
LCB 5.5.1. Memoriza e reproduce sinxelos textos orais adecuados á súa idade: contos, poemas, cancións.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LCB 5.6.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade.	2%	Diario de clase (escala de observación)

3º TRIMESTRE

Estándar	Ponderación	Instrumento
LCB1.7.1. Elabora, imitando modelos, textos orais breves e sinxelos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	2%	Diario de clase (escala de observación)
LCB1.9.3. Resume de forma global entrevistas, noticias e debates infantís procedentes dos medios de comunicación	3%	Diario de clase (escala de observación)
LCB2.1.4. Resume textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.	5%	Proba escrita
LCB2.3.4. Relaciona de xeito global, a información contida nos gráficos e ilustracións coa información que aparece no texto.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LCB2.5.1. Consulta biblioteca, de xeito guiado, de diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información para realizar traballos individuais ou en grupo.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LCB2.5.3. Identifica o argumento de lecturas realizadas dando conta dalgunhas referencias bibliográficas: autor ou autora e xénero.	5%	Portfolio
LCB2.7.2. Formula hipótese sobre a finalidade de textos de tipoloxía evidente a partir da súa estrutura e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos.	2%	Diario de clase (escala de observación)

LCB2.10.1. Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	8%	Portfolio
LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelo do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas...	7%	Proba escrita
LCB3.1.3. Elabora e presenta, de forma guiada, un informe sinxelo, utilizando soporte papel e informático sobre tarefas ou proxectos realizados.	2%	Portfolio
LCB3.1.2. Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.	5%	Proba escrita
LCB3.4.2. Utiliza, para escribir textos sinxelos, borradores que amosan: a xeración e selección de ideas, a revisión ortográfica e a secuencia coherente do escrito.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LCB4.1.1. Coñece e reconece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados(verbo, palabras invariables)	8%	Proba escrita
LCB4.1.3. Diferenza familias de palabras.	4%	Proba escrita
LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.	9%	Proba escrita
LCB4.2.4. Utiliza diversos conectores básicos entre oracións ao producir textos orais e escritos.	2%	Diario de clase

		(escala de observación)
LCB4.2.5. Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado	5%	Proba escrita
LCB4.3.2. Selecciona a acepción correcta segundo o contexto de entre varias que lle ofrece o dicionario.	2%	Proba escrita
LCB4.3.3. Utiliza as normas ortográficas básicas nas súas producións escritas(b/v, c/cc, ll/y).	5%	Proba escrita
LCB4.4.1. Utiliza as diferentes clases de palabras para elaborar o discurso.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LCB4.4.5. Aplica as normas de uso da til nos seus textos escritos.	7%	Proba escrita
LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade como apoio e reforzo da aprendizaxe.	3%	Diario de clase (escala de observación)
LCB 5.1.1. Valora de forma global, as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LCB 5.3.1. Distingue algúns recursos retóricos básicos propios dos poemas.	3%	Proba escrita
LCB5.6.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade.	4%	Diario de clase (escala de observación)

Non traballados no curso anterior por mor da suspensión das clases pola situación sanitaria. Polo tanto partirase do nivel acadado no curso 2019-20 e en función do tempo que o alumnado precise para recuperar ese nivel chegaremos ao que corresponde a este curso. No informe de final de curso concretaremos o que quede por acadar.

4.-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

- Poñeranse especial énfase na atención a diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención de dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten esas dificultades.
- A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.
- A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo cooperativo e en equipo.
- A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera formato e soporte.
- Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.
- Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Dende a área de lingua galega colaborarase no desenvolvemento de proxectos e tarefas doutras áreas, de tal

xeito que garantiremos a interdisciplinabilidade e abordarase a lingua dun xeito significativo, motivador e relacionado cos intereses e motivacións do alumnado.

- Teranse en conta as ferramentas dixitais dispoñibles no centro potenciando o seu uso e espírito crítico.
- *TODAS ESTAS CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS VENSES CONDICIONADAS POLA ACTUAL SITUACIÓN SANITARIA. O DISTANCIAMENTO SOCIAL DIFICULTA O TRABALLO COOPERATIVO, A MANIPULACIÓN DE MATERIAIS, A PARTICIPACIÓN PRESENCIAL DAS FAMILIAS... POLA CONTRA AUMENTA A NECESIDADE DE POTENCIAR TODO RELACIONADO COAS TIC DADO QUE ADEMÁIS ESTAMOS INMERSOS NO PROGRAMA EDIXGAL.*

5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A UTILIZAR.

- Diferente material bibliográfico facilitado polas familias e o propio centro.
- Ordenador e canon.
- Libro dixital
- Biblioteca de aula e de centro.
- Diferentes libros de lectura.
- Fichas de traballo elaboradas polo profesorado.
- Libreta de traballo.
- Dicionarios
- Revistas, xornais, folletos publicitarios,...
- Xogos de mesa

6.-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

-Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións das áreas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III do Decreto 105/2014, do 4 de setembro. Os **criterios de cualificación** corresponderase coa ponderación do perfil de área, tal e como se recolle no apartado 3 da presente programación.

-A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde una formulación integradora.

-O profesorado utilizará procedementos de avaliación variados para facilitar a avaliación do alumnado como parte integral do proceso de ensino e aprendizaxe, e como unha ferramenta esencial para mellorar a calidade da educación. Así mesmo, incorporaranse estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coevaluación. Estes modelos de avaliación favorecen a aprendizaxe desde a reflexión e valoración do alumnado sobre as súas propias dificultades e fortalezas, sobre a participación dos compañeiros/as nas actividades de tipo cooperativo e desde a colaboración co profesorado na regulación do proceso de ensino-aprendizaxe. En todo caso, os distintos procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo dos alumnos/as, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.

-En canto ao **promoción**, o alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias

correspondentes. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor/a.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CALIFICACIÓN
Ferramentas de avaliación do traballo competencial	20%
Probas de avaliación escritas	70%
Actitude e participación na aula	10%

7.-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse a motivación do alumnado?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
2.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
3.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas?				
4.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais?				
8.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
9.- As medidas de apoio, reforzo, etc. establécense vinculadas aos estándares				
10.- Avaliáse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

8.-ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Tal e como se establece no Decreto 299/2011 de atención á diversidade, estableceranse programas específicos de reforzo para aquel alumnado que teña materias pendentes. Así mesmo, seguiranse, sempre que sexa posible, as medidas de atención á diversidade que define o mencionado Decreto:

a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- f) Desdobramentos de grupos.
- g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- h) Programas de enriquecemento curricular.
- i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- j) Programas de recuperación.
- k) Programas específicos personalizados.
- l) Programas de habilidades sociais.

9.-DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

En cada nivel, durante o mes de setembro e tal e como regula a lexislación vixente, realizarase unha avaliación inicial do alumnado co fin de establecer o nivel de competencia curricular e de desempeño de cada neno/a. Dita avaliación irá encamiñana a determinar o grao de dominio dos contidos/competencias traballadas en cursos anteriores coa finalidade de axustar a programación didáctica as necesidades e características do grupo así como a deseñar e poñer en marcha todas aquelas medidas de atención a diversidade tanto ordinarias como extraordinarias que sexan precisas.

Tamén será preciso detectar intereses e motivacións de todo o alumnado así como estilos de aprendizaxe de cada neno/a. Esta información será moi valiosa á hora de desenvolver proxectos e tarefas integradas, xa que parte do éxito escolar depende en gran medida de estes factores

10.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A metodoloxía empregada converterase na mellor ferramenta de atención á diversidade. A devandita metodoloxía permitiranos adaptarnos ás necesidades do noso alumnado ofrecéndolle diferentes tarefas e responsabilidades segundo as súas características. Basearemos o traballo na técnica de aprendizaxe cooperativo onde o obxectivo último será a inclusión de todo o alumnado. Levaranse a cabo medidas de reforzo educativo por parte do titor/a naqueles casos que sexa necesario, así como apoios polo profesorado con dispoñibilidade horaria.

No caso de aparecer alumnado con NEAE, estaremos en contacto co Departamento de Orientación para a súa valoración, organización dos apoios requiridos e o seguimento da evolución. Nos casos xa diagnosticados levarase una estreita coordinación entre a titoría e o resto de especialistas e continuarase coas medidas de atención á diversidade xa iniciadas o curso anterior.

Os criterios para a organización e a distribución dos recursos no ciclo intentan dar una resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de facilitar o logro dos obxectivos nesta etapa educativa.

Todos estes apoios van cambiando ao longo do curso segundo as necesidades e as evolucións dos nenos/as, pensando sempre que este reforzo é transitorio. Os apoios se dirixirán fundamentalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de lingua e matemáticas. Destacar a importancia de establecer unha boa coordinación entre todos os profesores implicados e o Departamento de Orientación.

O profesorado deste ciclo que dispón de sesións realiza apoios temporais noutras aulas do ciclo, e tamén atende alumnado fora da

aula. Neses apoios traballase o currículo, garantíndolle ao alumno/a con necesidades acadar os contidos da materia que se está a impartir na aula. Esta atención individualizada incide en aspectos curriculares e en estratexias de aprendizaxe.

11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

-Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as disciplinas.

-Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade,...

-Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

-Potenciarase o desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

-A seguridade viaria promóvese a través de accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón europeo/a, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

- A educación para a saúde, ademais de estar presente na área correspondente, este curso é un elemento transversal prioritario. A promoción de todas as medidas sanitarias do protocolo relacionado coa COVID 19 impregnan toda a xornada escolar.

12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS.

-As actividades complementarias estarán moi condicionadas pola situación sanitaria actual, e de momento non se vai poder facer. As actividades complementarias e de conmemoración reflectidas dentro da orde de calendario escolar 2020-2021 faremos que na medida do posible, incluílas dentro das áreas de xeito individual, e na área de Valores, como un aspecto máis a tratar ao longo do curso. Decidimos non realizar ningunha celebración como xeito de prevención ante a situación do Covid.

-En canto as tarefas extraescolares do alumnado, estas serán deseñadas polo profesorado de tal xeito que supoñan un reforzo dos contidos e competencias traballados. Ditas tarefas serán axustadas á idade do alumnado e as súas necesidades individuais. Fomentarase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

13.-MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Seguiranse os seguintes criterios:

- Impartición do 80% da materia.
- Superación dos contidos mínimos esixibles polo 50 % do alumnado.

En aqueles casos nos que os mecanismos de revisión indiquen a necesidade de modificar ou mellorar a programación, metodoloxía, etc. Asumiranse as decisións oportunas no seo da coordinación do ciclo e do nivel, tendo en conta as orientacións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

14.ENSINO A DISTANCIA

Se en algún momento do curso non fose posible a docencia presencial, continuaríase de forma telemática a través da plataforma EVA EDIXGAL, tanto a comunicación co alumnado como as actividades, explicacións...

Mentres poda ser presencial potenciarase o uso de das ferramentas TIC coas que está dotados os equipos do alumnado co fin de que esa posible docencia telemática se desenvolva coa maior facilidade posible.

Realizaranse distintos tipos de actividades como: tarefas, fichas, cuestionarios... Algunhas destas actividades serán avaliadas e outras serán autocorrexidas por parte do alumnado.

Propoñeranse tarefas globalizadas que requiran a posta en práctica de todas as competencias do alumnado, TIC como recurso didáctico, as actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo así coma a investigación.

Os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas que se propoñan terán un carácter fundamentalmente práctico.

Salientar que para a súa cualificación valorarase cun 20% a entrega de traballos no prazo establecido.

Na avaliación e cualificación, teranse en conta as producións dos alumnos. Estas producións formarán o 100% da cualificación

Alumnado con conectividade:

- A comunicación co alumnado e familias farase a través dos medios que facilita a Consellería: abalarMóbil, aula virtual, EVA (DIXGAL), videoconferencias ou do correo electrónico.
- O alumnado deberá entregar os seus traballos mediante o EVA (DIXGAL)

Alumnado sen conectividade:

A comunicación coas familias será telefónica. Enviaránelles os materiais fotocopiados ao alumnado e facilitarase a entrega das tarefas propostas no centro.

Os materiais e recursos empregados serán; materiais elaborados polo profesorado, vídeos explicativos, recursos dixitais de internet, videoconferencias, cuestionarios, libros de texto online e a plataforma EVA (DIXGAL), entre outros.



COORDINADOR/A: SILVIA M^a SABÍN MESA

MESTRES/AS TITORES/:

5º A: SUSANA SANTALLA FERNÁNDEZ

5ºB: EVA M^a BOUZA REY/ SILVIA M^a SABÍN MESA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

5º EDUCACIÓN PRIMARIA

**ÁREA DE LINGUA GALEGA E
LITERATURA**

CURSO 2020-21

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

No primeiro nivel do terceiro ciclo de educación primaria do C.E.I.P. A GÁNDARA está constituído por un total de oito mestres: unha titora de 5º A e dúas cotitoras do 5º B (unha delas a especialista de Inglés), un mestre especialista en Pedagogía Terapéutica, outra adscrita a EP que fai o apoio na clase, unha mestre especialista en Audición e Linguaxe, un mestre de Música e os dous mestres de Educación Física.

Nestes cursos hai un total de 49 alumnos e alumnas, distribuídos do seguinte xeito:

5ºA: 25 alumn@s

5ºB: 24 alumn@s

Entre estes alumnos hai varios alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

En 5º hai 6 alumn@s con dificultades en lectoescritura e problemas de dislexia, así como de comprensión na resolución de problemas, 1 con TDA (transtorno de déficit de atención) e 1 con TDAH (transtorno de déficit de atención e hiperactividade) e 1 diagnosticado con rasgos autistas que reciben apoio na aula polos mestres de PT e AL

A variedade de intereses, capacidades, fortalezas e intereses do alumnado enriquece todas as aulas sendo esta tremendamente heteroxéneas.

En moitos casos é precisa a intervención e asesoramento do DO así como a intervención específica do profesorado especialista en AL e PT.

Seguindo as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás MEDIDAS EDUCATIVAS que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, esta

programación foi elaborado polo equipo docente coa finalidade que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020 e acade os obxetivos mínimos imprescindibles para pasar de curso.

Para a súa elaboración tívose en conta os informes individualizados elaborados ao finalizar o curso anterior así como a avaliación inicial desenvolvida neste curso. Os elementos curriculares esenciais serán reforzados co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DO PERFIL COMPETENCIAL.

Competencia comunicación lingüística (CCL)

LGB1.2.2. Elabora textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación.

LGB1.3.1. Interpreta en producións orais a retranca, a ironía e os dobres sentidos

LGB1.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.

LGB1.4.3. Iníciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.

LGB1.6.5. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.

LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de textos literarios.

LGB1.4.2. Sigue unha exposición da clase e extrae, de xeito global, as ideas máis destacadas.

LGB3.5.2. Emprega procesadores de textos con certa autonomía.

LGB3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic, contos, poemas, cancións e anécdotas.

LGB1.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

▪ LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes,

relacionándoa co contido do texto que acompaña.

Competencia dixital (CD)

LGB1.2.1. Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.

LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.

LGB1.8.1. Elabora textos sinxelos propios dos medios de comunicación.

LGB2.8.3. Usa as bibliotecas virtuais, para obter datos e informacións, con certa autonomía.

Aprender a aprender (CAA)

LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.

LGB2.1.7. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.

LGB2.7.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.

LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

LGB1.12.1. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe non sexista.

LGB1.12.2. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

LGB2.11.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.LGB3.5.2. Emprega procesadores de textos con certa autonomía.

LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de textos literarios.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

LGB5.7.2. Amona curiosidade por coñecer outras costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.

LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo e lembranzas.

3.- CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

1º TRIMESTRE

Estándar	Ponderación	Instrumento
LGB1.2.1. Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB1.2.2. Elabora textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB1.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB1.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB1.11.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB1.12.1. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe non sexista.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB1.14.1. Identifica a lingua galega oral con calquera contexto profesional: sanidade, educación, medios de comunicación...	1%	Diario de clase (escala de observación)

LGB1.14.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.	5%	Proba escrita
LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.	5%	Proba escrita
LGB2.1.7. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo.	5%	Probas escrita
LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo.	5%	Proba escrita
LGB2.4.1. Deduce o posible contido dun texto sinxelo antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB2.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto sinxelo adecuado á súa idade.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB2.5.3. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.	1%	Diario de clase(escala de observación)
LGB2.8.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.	1%	Diario de clase(escala de observación)
LGB2.9.1. Aмосa interese pola conservación e organización dos seus libros físicos e/ou virtuais	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB3.2.5. Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.	4%	Portfolio
LGB3.3.1. Elabora textos escritos propios do ámbito académico (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información.	3%	Portfolio

LGB3.1.5. Escribe e presenta textos propios elaborando borradores.	3%	Portfolio
LGB3.1.6. Usa o dicionario durante a elaboración de textos.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, notas e invitacións.	3%	Portfolio
LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e empregando algúns elementos básicos de cohesión, usando o rexistro adecuado.	5%	Probas escrita
LGB3.5.1. Busca e selecciona información en diferentes fontes e soportes dixitais.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.	5%	Pobra escrita
LGB4.2.1. Aplica xeralmente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	5%	Proba escrita
LGB4.3.1. Emprega con corrección os signos de puntuación, facendo unha valoración dos resultados.	5%	Proba escrita
LGB4.3.2. Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións.	5%	Proba escrita
LGB4.4.2. Recoñece determinados procesos de cohesión nos textos: anáfora, sinónimos...	5%	Proba escrita
LGB4.6.1. Transforma un texto sinxelo narrativo de estilo directo noutro de estilo indirecto.	5%	Proba escrita
LGB4.7.1. Usa axeitadamente o dicionario en papel ou dixital para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto e como consulta ortográfica.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB4.7.3. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas de uso frecuente, frases feitas, siglas e abreviaturas.	5%	Proba escrita

LGB4.8.2. Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB4.9.1. Recoñece, de forma xeral, e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender.	3%	Portfolio
LGB4.9.2 Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas, ortográficas e léxicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB5.1.1. escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refróns, adiviñas, lendas, contos, poemas, Conxuros, ditos, cantigas) e da literatura galega en xeral.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB5.1.2. Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal	1%	Diario de clase (escala de observación)

2º TRIMESTRE

Estándar	Ponderación	Instrumento
LGB1.3.1. Interpreta en producións orais a retrans, a ironía e os dobres sentidos..	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB1.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias..	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB1.4.2. Sigue unha exposición da clase e extrae, de xeito global, as ideas máis destacadas.	3%	Portfolio
LGB1.4.3. Iníciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.	3%	Portfolio
. LGB1.5.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB1.6.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB1.8.1. Elabora textos sinxelos propios dos medios de comunicación.	3%	Portfolio
LGB1.9.1. Utiliza a expresividade corporal miradas e postura corporal para reforzar o sentido das súas producións orais.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB1.10.1. Avisa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB1.12.2. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB1.13.1. Recoñece textos orais sinxelos pertencentes a diferentes variedades dialectais moi evidentes da lingua galega.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB1.13.2. Valora as diferenzas dialectais orais da lingua galega como un símbolo de riqueza lingüística e cultural e o estándar como variante unificadora.	1%	Diario de clase (escala de observación)

LGB2.1.4. Interpreta personificacións, hipérboles, ironías e dobres sentidos en textos.	5%	Proba escrita
LGB2.1.5. Identifica a estrutura dun texto e recoñece algúns mecanismos de cohesión (repeticións, sinónimos, anáforas).	5%	Proba escrita
LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais e secundarias.	5%	Proba escrita
LGB2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión integral, cando é preciso.	5%	Proba escrita
LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto sinxelo adecuado á súa idade.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB2.7.1. Descodifica con precisión e rapidez as palabras.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB2.7.4. Le en voz alta adaptándose ao interese do auditorio: gozar escoitando, obter nova información...	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB2.7.5. Fai lecturas dramatizadas de textos.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB2.8.2. Usa a biblioteca de centro con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB2.10.1. Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB2.12.1. Identifica, de maneira global, as diferenzas lingüísticas, bastante evidentes, das variedades da lingua galega.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB2.12.2. Valora a variedade interna da lingua como símbolo de riqueza lingüística e cultural, así como o estándar como variante unificadora.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB3.1.3. Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).	5%	Proba escrita

LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista.	5%	Proba escrita
LGB3.2.2. Redacta textos xornalísticos (noticias crónicas, reportaxes, entrevistas) e (anuncios e carteis), imitando modelos publicitarios moi sinxelos.	5%	Proba escrita
LGB3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic, contos, poemas cancións e anécdotas.	3%	Portfolio
LGB3.4.2. Escribe textos sinxelos de carácter creativo.	3%	Portfolio
LGB3.5.2. Emprega procesadores de textos con certa autonomía	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB3.5.3. Utiliza, habitualmente, correctores de textos.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB3.6.1. Usa recursos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión dos textos e ilustralos de maneira creativa	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB4.1.4. Identifica e clasifica os diferentes tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo, imperativo.	5%	Proba escrita
B4.5.1. Identifica, en oracións sinxelas, o papel semántico do suxeito..	5%	Proba escrita
LGB4.7.2. Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas, identificando e formando familias de palabras.	5%	Proba escrita
LGB4.8.1. Coñece, de xeito xeral, as características máis relevantes (históricas, socioculturais...) da lingua galega	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB5.3.1. Identifica as características principais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.	5%	Proba escrita

LGB5.3.3. Identifica e emprega algunhas figuras literarias: comparacións, personificacións, hipérboles e xogos de palabras.	5%	Proba escrita
LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de textos literarios.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.	1%	Diario de clase (escala de observación)

3º TRIMESTRE

Estándar	Ponderación	Instrumento
LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo.	5%	Proba escrita
LGB1.1.2. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral sinxelo, distinguindo, de maneira xeral, información de opinión.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB1.4.5. Identifica o grao de formalidade da situación de comunicación e axusta a este a súa produción.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB1.6.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB1.6.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptada ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB1.7.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.	5%	Proba escrita

LGB1.7.3. Emprega o rexistro lingüístico (formal ou informal) adecuado a cada contexto.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB1.7.4. Amosa un discurso oral fluído, claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LGB2.1.6. Identifica o punto de vista do autor ou autora e diferencia, de maneira xeral, información, opinión e publicidade de carácter bastante evidente.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB2.1.8. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes, relacionándoa co contido do texto que acompaña.	3%	Portfolio
LGB2.7.2. Le textos en voz alta con fluidez e precisión.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LGB2.7.3. Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LGB2.8.3. Usa as bibliotecas virtuais, para obter datos e informacións, con certa autonomía.	3%	Portfolio
LGB2.11.1. Selecciona persoalmente as lecturas que desexa realizar e é quen de xustificalas en función dos seus gustos e necesidades.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB2.11.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	2%	Diario de clase (escala de observación)
LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas ou guións.	3%	Portfolio
LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesionando, de maneira xeral, os enunciados.	5%	Proba escrita
LGB3.2.3. Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.	3%	Portfolio
LGB3.5.4. Utiliza as TIC, con certa autonomía, para realizar presentacións elementais.	3%	Portfolio

LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado... en calquera soporte.	3%	Portfolio
LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición.	5%	Probas escrita
LGB4.1.2. Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.	5%	Proba escrita
LGB4.1.5. Recoñece as oracións simples, comprende o seu significado, utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e identifica o verbo e os seus complementos: o suxeito, así como os complementos do nome.	5%	Proba escrita
LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas, aplicándoas nas súas producións escritas con especial atención nas regras do h, b/v, c/cc, s/x, ll/i/x.	5%	Proba escrita
LGB4.3.3. Respecta, de xeito xeral, as normas morfosintácticas de colocación do	5%	Proba escrita
LGB4.4.1. Usa diversos conectores básicos entre oracións: causa, consecuencia, finalidade, contradición...	5%	Proba escrita
B4.5.2. Recoñece se a oración é activa ou pasiva e é quen de facer a transformación dunha noutra.	5%	Proba escrita
LGB5.3.2. Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas..	5%	Proba escrita
LGB5.3.4. Identifica os temas recorrentes na literatura.	5%	Proba escrita
LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo e lembranzas.	3%	Portfolio
LGB5.7.1. Compara imaxes, símbolos e mitos sinxelos doutras culturas cos da cultura galega, amosando interese e respecto.	1%	Diario de clase (escala de observación)
LGB5.7.2. Aмосa curiosidade por coñecer outras costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.	1%	Diario de clase (escala de observación)

***Non traballados no curso anterior por mor da suspensión das clases pola situación sanitaria. Polo tanto partirase do nivel acadado no curso 2019-20 e en función do tempo que o alumnado precise para recuperar ese nivel chegaremos ao que corresponde a este curso. No informe de final de curso concretaremos o que quede por acadar.**

4.-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

- Poñeranse especial énfase na atención a diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención de dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten esas dificultades.
- A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.
- A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo cooperativo e en equipo.
- A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera formato e soporte.
- Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.
- Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Dende a área de lingua galega colaborárase no desenvolvemento de proxectos e tarefas doutras áreas, de tal

xeito que garantiremos a interdisciplinariedade e abordarase a lingua dun xeito significativo, motivador e relacionado cos intereses e motivacións do alumnado.

- Teranse en conta as ferramentas dixitais dispoñibles no centro potenciando o seu uso e espírito crítico.
- *TODAS ESTAS CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS VENSES CONDICIONADAS POLA ACTUAL SITUACIÓN SANITARIA. O DISTANCIAMENTO SOCIAL DIFICULTA O TRABALLO COOPERATIVO, A MANIPULACIÓN DE MATERIAIS, A PARTICIPACIÓN PRESENCIAL DAS FAMILIAS... POLA CONTRA AUMENTA A NECESIDADE DE POTENCIAR TODO RELACIONADO COAS TIC DADO QUE ADEMÁIS ESTAMOS INMERSOS NO PROGRAMA EDIXGAL.*

5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A UTILIZAR.

- Diferente material bibliográfico facilitado polas familias e o propio centro.
- Ordenador e canon.
- Aula virtual.
- Biblioteca de aula e de centro.
- Diferentes libros de lectura.
- Fichas de traballo elaboradas polo profesorado.
- Libreta de traballo.
- Diccionario
- Revistas, xornais, folletos publicitarios,...
- Xogos de mesa
- Material manipulativos

-Material de elaboración propia.

-Dispositivos móbiles e tablets.

6.-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

-Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións das áreas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III do Decreto 105/2014, do 4 de setembro. Os **criterios de cualificación** corresponderase coa ponderación do perfil de área, tal e como se recolle no apartado 3 da presente programación.

-A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde una formulación integradora.

-O profesorado utilizará procedementos de avaliación variados para facilitar a avaliación do alumnado como parte integral do proceso de ensino e aprendizaxe, e como unha ferramenta esencial para mellorar a calidade da educación. Así mesmo, incorporaranse estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coevaluación. Estes modelos de avaliación favorecen a aprendizaxe desde a reflexión e valoración do alumnado sobre as súas propias dificultades e fortalezas, sobre a participación dos compañeiros/as nas actividades de tipo cooperativo e desde a colaboración co profesorado na regulación do proceso de ensino-aprendizaxe. En todo caso, os distintos procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo dos alumnos/as, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.

-En canto ao **promoción**, o alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor/a.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CALIFICACIÓN
Ferramentas de avaliación do traballo competencial	20%
Probas de avaliación escritas	70%
Actitude e participación na aula	10%

7.-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse a motivación do alumnado?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
2.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
3.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas?				
4.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais?				
8.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
9.- As medidas de apoio, reforzo, etc. establécense vinculadas aos estándares				
10.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

8.-ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Tal e como se establece no Decreto 299/2011 de atención á diversidade, estableceranse programas específicos de reforzo para aquel alumnado que teña materias pendentes. Así mesmo, seguiranse, sempre que sexa posible, as medidas de atención á diversidade que define o mencionado Decreto:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- f) Desdobramentos de grupos.
- g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- h) Programas de enriquecemento curricular.
- i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- j) Programas de recuperación.
- k) Programas específicos personalizados.
- l) Programas de habilidades sociais.

9.-DESEÑO DA AVALIACIÓN INCIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

En cada nivel, durante o mes de setembro e tal e como regula a lexislación vixente, realizarase unha avaliación inicial do alumnado co fin de establecer o nivel de competencia curricular e de desempeño de cada neno/a. Dita avaliación irá encamiñada a determinar o grao de dominio dos contidos/competencias traballadas en cursos anteriores coa finalidade de axustar a programación didáctica as necesidades e características do grupo así como a deseñar e poñer en marcha todas aquelas medidas de atención a diversidade tanto ordinarias como extraordinarias que sexan precisas.

Tamén será preciso detectar intereses e motivacións de todo o alumnado así como estilos de aprendizaxe de cada neno/a. Esta información será moi valiosa á hora de desenvolver proxectos e tarefas integradas, xa que parte do éxito escolar depende en gran medida de estes factores

10.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A propia metodoloxía empregada baseada en proxectos de traballo converterase na mellor ferramenta de atención á diversidade. A devandita metodoloxía permitiranos adaptarnos ás necesidades do noso alumnado ofrecéndolle diferentes tarefas e responsabilidades segundo as súas características. Basearemos o traballo na técnica de aprendizaxe cooperativo onde o obxectivo último será a inclusión de todo o alumnado. Levaranse a cabo medidas de reforzo educativo por parte do titor/a naqueles casos que sexa necesario, así como apoios polo profesorado con dispoñibilidade horaria.

No caso de aparecer alumnado con NEAE, estaremos en contacto co Departamento de Orientación para a súa valoración, organización dos apoios requiridos e o seguimento da evolución. Nos casos xa diagnosticados levarase una estreita coordinación entre a titoría e o resto de especialistas e continuarase coas medidas de atención á diversidade xa iniciadas o curso anterior.

Os criterios para a organización e a distribución dos recursos no ciclo intentan dar una resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de facilitar o logro dos obxectivos nesta etapa educativa.

Todos estes apoios van cambiando ao longo do curso segundo as necesidades e as evolucións dos nenos/as, pensando sempre que este reforzo é transitorio. Os apoios se dirixirán fundamentalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de lingua e matemáticas. Destacar a importancia de establecer unha boa coordinación entre todos os profesores implicados e o Departamento de Orientación.

O profesorado deste ciclo que dispón de sesións realiza apoios temporais noutras aulas do ciclo, e tamén atende alumnado fora da

aula. Neses apoios traballase o currículo, garantíndolle ao alumno/a con necesidades acadar os contidos da materia que se está a impartir na aula. Esta atención individualizada incide en aspectos curriculares e en estratexias de aprendizaxe.

11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

-Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as disciplinas.

-Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade,...

-Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

-Potenciarase o desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

-A seguridade viaria promóvese a través de accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón europeo/a, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

- A educación para a saúde, ademais de estar presente na área correspondente, este curso é un elemento transversal prioritario. A promoción de todas as medidas sanitarias do protocolo relacionado coa COVID 19 impregnan toda a xornada escolar.

12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS.

As actividades complementarias estarán moi condicionadas pola situación sanitaria actual, e de momento non se vai poder facer. As actividades complementarias e de conmemoración reflectidas dentro da orde de calendario escolar 2020-2021 faremos que na medida do posible, incluílas dentro das áreas de xeito individual, e na área de Valores, como un aspecto máis a tratar ao longo do curso. Decidimos non realizar ningunha celebración como xeito de prevención ante a situación do Covid.

-En canto as tarefas extraescolares do alumnado, estas serán deseñadas polo profesorado de tal xeito que supoñan un reforzo dos contidos e competencias traballados. Ditas tarefas serán axustadas á idade do alumnado e as súas necesidades individuais. Fomentárase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

13.- MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Seguiranse os seguintes criterios:

- Impartición do 80% da materia.
- Superación dos contidos mínimos esixibles polo 50 % do alumnado.

En aqueles casos nos que os mecanismos de revisión indiquen a necesidade de modificar ou mellorar a programación, metodoloxía, etc. Asumiranse as decisións oportunas no seo da coordinación do ciclo e do nivel, tendo en conta as orientacións da Comisión de

Coordinación Pedagógica.

14.ENSINO A DISTANCIA

Se en algún momento do curso non fose posible a docencia presencial, continuaríase de forma telemática a través da plataforma EVA EDIXGAL, tanto a comunicación co alumnado como as actividades, explicacións...

Mentres poda ser presencial potenciarase o uso de das ferramentas TIC coas que está dotados os equipos do alumnado co fin de que esa posible docencia telemática se desenvolva coa maior facilidade posible.

Realizaranse distintos tipos de actividades como: tarefas, fichas, cuestionarios... Algunhas destas actividades serán avaliadas e outras serán autocorrexidas por parte do alumnado.

Propoñeranse tarefas globalizadas que requiran a posta en práctica de todas as competencias do alumnado, TIC como recurso didáctico, as actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo así coma a investigación.

Os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas que se propoñan terán un carácter fundamentalmente práctico.

Na avaliación e cualificación, teranse en conta as producións dos alumnos . Estas producións formarán o 100 % da cualificación. Salientar que para a súa cualificación valorarase cun 20% a entrega de traballos no prazo establecido.

Alumnado con conectividade:

- A comunicación co alumnado e familias farase a través dos medios que facilita a Consellería: abalarMóbil, aula virtual, EVA (DIXGAL), videoconferencias ou do correo electrónico.
- O alumnado deberá entregar os seus traballos mediante o EVA (DIXGAL)

Alumnado sen conectividade:

A comunicación coas familias será telefónica. Enviaránelles os materiais fotocopiados ao alumnado e facilitarase a entrega das tarefas propostas no centro.

Os materiais e recursos empregados serán; materiais elaborados polo profesorado, vídeos explicativos, recursos dixitais de internet, videoconferencias, cuestionarios, libros de texto online e a plataforma EVA (DIXGAL), entre outros.



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

5º EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

CURSO 2020-21

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

No primeiro nivel do terceiro ciclo de educación primaria do C.E.I.P. A GÁNDARA está constituído por un total de oito mestres: unha titora de 5º A e dúas cotitoras do 5º B (unha delas a especialista de Inglés), un mestre especialista en Pedagogía Terapéutica, outra adscrita a EP que fai o apoio na clase, unha mestre especialista en Audición e Linguaxe, un mestre de Música e os dous mestres de Educación Física.

Nestes cursos hai un total de 49 alumnos e alumnas, distribuídos do seguinte xeito:

5ºA: 25 alumn@s

5ºB: 24 alumn@s

Entre estes alumnos hai varios alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

En 5º hai 6 alumn@s con dificultades en lectoescritura e problemas de dislexia, así como de comprensión na resolución de problemas, 1 con TDA (transtorno de déficit de atención) e 1 con TDAH (transtorno de déficit de atención e hiperactividade) e 1 diagnosticado con rasgos autistas que reciben apoio na aula polos mestres de PT e AL

A variedade de intereses, capacidades, fortalezas e intereses do alumnado enriquece todas as aulas sendo esta tremendamente heteroxéneas.

En moitos casos é precisa a intervención e asesoramento do DO así como a intervención específica do profesorado especialista en AL e PT.

Seguindo as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás MEDIDAS EDUCATIVAS que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, esta

programación foi elaborado polo equipo docente coa finalidade que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020 e acade os obxetivos mínimos imprescindibles para pasar de curso.

Para a súa elaboración tívose en conta os informes individualizados elaborados ao finalizar o curso anterior así como a avaliación inicial desenvolvida neste curso. Os elementos curriculares esenciais serán reforzados co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DO PERFIL COMPETENCIAL.

Comunicación lingüística (CCL)

EPB1.1.1. Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo.

Competencia matemática e en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

EPB3.1.3. Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico.

Competencia dixital (CD)

EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ...) que lle serven para a ilustración de textos.

Competencia de aprender a aprender (CAA)

EPB1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe son.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das

actividades.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

EPB1.2.4. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

EPB2.5.3. Amona interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.

**3.- CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A
MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.
PERFÍS DE ÁREA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA**

1º AVALIACIÓN		
Estándares	Ponderación (%)	Instrumento de avaliación
EPB1.1.1. Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo.	5%	Diario de clase (escala de observación)
EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes.	5%	Diario de clase (escala de observación)
EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.	5%	Diario de clase (escala de observación)
EPB1.1.4. Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións	5%	Diario de clase (escala de observación)

plásticas.		
EPB1.1.5. Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.	5%	Diario de clase (escala de observación)
EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos.	5%	Diario de clase (escala de observación)
EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.	10%	Portfolio
EPB2.1.2. Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).	10%	Portfolio
EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións	10%	Portfolio
EPB2.1.4. Experimenta con materiais e texturas	10%	Portfolio

gráficas con creatividade e soltura.		
EPB2.1.5. Valora os elementos e os recursos empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades.	5%	Diario de clase (escala de observación)
EPB2.1.6. Distingue e explica as características da cor en canto a súa luminosidade, tono e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións.	10%	Diario de clase (escala de observación)
EPB2.1.7. Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor.	5%	Diario de clase (escala de observación)
EPB2.1.8. Executa composicións pareadas nas que aparecen as cores complementarias respectivas.	10%	Portfolio

2º AVALIACIÓN		
Estándar	Ponderación (%)	Instrumento de avaliación
EPB2.1.9. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.).	5%	Portfolio
EPB2.1.10. Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos.	5%	Diario de clase (escala de observacion)
EPB2.2.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	5%	Portfolio
EPB2.2.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volumes.	5%	Portfolio
EPB2.2.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.	5%	Portfolio

EPB2.2.4. Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais.	5%	Portfolio
EPB2.3.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade.	10%	Diario de clase (escala de observación)
EPB2.3.2. Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas.	5%	Diario de clase (escala de observación)
EPB2.3.3. Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa observación das súas producións.	5%	Diario de clase (escala de observación)
EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.	10%	Diario de clase (escala de observación)

EPB2.4.2. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos.	5%	Portfolio
EPB2.4.3. Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas).	10%	Portfolio
EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.	10%	Portfolio
EPB2.5.3. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.	10%	Diario de clase (escala de observación)
EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.	5%	Diario de clase (escala de observación)000000

EPB2.5.2. Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.	5%	Diario de clase (escala de observación)
--	----	---

3º AVALIACIÓN		
Estándar	Ponderación (%)	Instrumento de avaliación
EPB1.2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).	5%	Diario de clase (escala de observación)
EPB1.2.2 Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía.	5%	Diario de clase (escala de observación)
EPB1.2.3. Recoñece os temas da fotografía.	5%	Diario de clase (escala de observación)

EPB1.2.4. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial.	5%	Portfolio
EPB1.2.5. Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual.	5%	Diario de clase (escala de observación)
EPB1.2.6. Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.	5%	Portfolio
EPB1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.	5%	Portfolio
EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ...) que lle serven para a ilustración de textos.	5%	Portfolio
EPB1.3.2. Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa..	2%	Diario de clase (escala de observación)

EPB3.1.1. Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízalos nas súas composicións con fins expresivos	3%	Diario de clase (escala de observación)
EPB3.1.2. Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.	5%	Portfolio
EPB3.1.3. Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico.	5%	Diario de clase (escala de observación)
EPB3.1.4. Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás.	5%	Portfolio
EPB3.1.5. Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás.	5%	Portfolio
EPB3.1.6. Traza círculos co compás coñecendo o raio.	5%	Portfolio

EPB3.1.7. Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico.	5%	Diario de clase (escala de observación)
EPB3.1.8. Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor.	3 %	Diario de clase (escala de observación)
EPB3.1.9. Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula propia facilitada cos instrumentos propios do debuxo técnico.	5%	Portafolio
EPB3.1.10. Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón.	2%	Diario de clase (escala de observación)
EPB3.1.11. Analiza a realidade descompóndoa en formas xeométricas básicas e trasladándoa a composicións bidimensionais.	3%	Portfolio
EPB3.1.12. Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples.	2%	Diario de clase (escala de observación)

EPB3.1.13. Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.	2%	Portfolio
EPB3.1.14. Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula.	3%	Diario de clase (escala de observación)
EPB3.1.15. Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes.	3%	Diario de clase (escala de observación)
EPB3.2.1. Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.	2%	Diario de clase (escala de observación)

***Non traballados no curso anterior por mor da suspensión das clases pola situación sanitaria. Polo tanto partirase do nivel acadado no curso 2019-20 e en función do tempo que o alumnado precise para recuperar ese nivel chegaremos ao que corresponde a este curso. No informe de final de curso concretaremos o que quede por acadar.**

4.-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

- Abordarase a área dun xeito transversal para a conexión natural con outras áreas do currículo, colaborando nunha comprensión da realidade e nunha satisfacción maiores. Permite, ademais, achegarse á mirada das demais persoas, á diversidade de maneiras de experimentar o mundo, que se manifestaron e se manifestan nos produtos da cultura visual.

- Darémolles importancia tamén á produción de obras ou traballos por parte do alumnado xa que entendemos que o seu tratamento competencial só se pode desenvolver tendo como obxectivo que o alumnado sexa protagonista final dos produtos de aprendizaxe.

-É imprescindible que o proceso de ensino e aprendizaxe parta dunha planificación rigorosa, elixindo métodos didácticos que se axusten ao nivel inicial do alumno ou da alumna e ás súas condicións socioculturais. Estes métodos deben partir da perspectiva do persoal docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado, enfocándose á realización de tarefas ou situacións-problema, propostas cun obxectivo concreto, que o alumno ou a alumna deben resolver.

- A aprendizaxe por competencias na que se basea o currículo require metodoloxías activas e contextualizadas, e proponse, por isto, introducir estratexias interactivas, proxectos colaborativos co uso das novas tecnoloxías e facendo fincapé na creación de produtos reais que teñan efecto na comunidade educativa.

- *TODAS ESTAS CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS VENSES CONDICIONADAS POLA ACTUAL SITUACIÓN SANITARIA. O DISTANCIAMENTO SOCIAL DIFICULTA O TRABALLO COOPERATIVO, A MANIPULACIÓN DE MATERIAIS, A PARTICIPACIÓN PRESENCIAL DAS FAMILIAS... POLA CONTRA AUMENTA A NECESIDADE DE POTENCIAR TODO RELACIONADO COAS TIC DADO QUE ADEMÁS ESTAMOS INMERSOS NO PROGRAMA EDIXGAL.*

5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A UTILIZAR.

-Revistas, xornais, folletos publicitarios,...

-Material funxible como pinceis, témperas, rotuladores, pinturas,...así como variedade de papeis, cartolinas con diferentes formatos e texturas.

-Ordenador, canon e aula virtual.

6.-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

